

Eleccións xerais 2023



Este documento
está en lectura fácil

10 compromisos do BNG

para defender os intereses

de Galiza



Que
Galiza
conte!

Con
máis
forza!

Adaptación a lectura fácil: Dolores Portela León.

Adaptación de textos: equipo de validación de FADEMGGA Plena inclusión Galicia.

Diseño: Iria García Ferreiro.

Texto redactado e validado seguindo as pautas de lectura fácil de Inclusion Europe e a norma UNE 153101 EX.

Logotipo europeo de lectura fácil na portada © Inclusion Europe.

Máis información en <https://www.inclusion-europe.eu/easy-to-read/>

Índice

páxina

Presentación	4
Información sobre as eleccións xerais.....	5

O BNG defenderá estes intereses de Galiza:

1. A autoestrada AP-9 para Galiza e sen peaxes.....	7
2. 200 millóns de euros para axudar as persoas galegas con dependencia	8
3. Melloras para os transportes públicos de Galiza.....	9
4. Enerxía máis barata e ecolóxica.....	10
5. Máis axudas para loitar contra a violencia machista.....	11
6. Melloras para a vida das persoas.....	12
7. Defender os dereitos das persoas.....	13
8. Máis competencias para Galiza.....	14
9. Aumento dos cartos para Galiza.....	14
10. Un porto exterior para A Coruña sen débedas.....	15

Presentación

Este documento
é un resumo do programa electoral do BNG
para as eleccións xerais.

Un programa electoral é un documento
que explica as ideas e as accións
que quere facer un partido político.

As letras BNG significan Bloque Nacionalista Galego.
O BNG é un partido político nacionalista galego.
Isto significa, que o BNG defende
que Galiza é unha nación que pode decidir o seu futuro.
O BNG é un partido político
formado por varios partidos políticos xuntos.

As eleccións xerais celébranse
o domingo 23 de xullo do 2023.

Este resumo do programa electoral do BNG
está pensado para persoas con dificultades de comprensión.
Por iso, este documento está escrito en lectura fácil.
A lectura fácil é unha forma de crear documentos
máis fáciles de entender.

Información sobre as eleccións xerais

Nas eleccións xerais votamos as persoas que nos representan no Parlamento de España.

O Parlamento de España tamén se chama Cortes Xerais.

As Cortes Xerais están formadas polo Congreso dos Deputados e o Senado.

Nas eleccións xerais eliximos os deputados e as deputadas do Congreso e os senadores e as senadoras do Senado. Os deputados e as deputadas do Congreso elixen o deputado ou a deputada que será o presidente ou a presidenta do país.

O presidente ou a presidenta elixe as ministras e os ministros do seu Goberno. O Goberno de España está formado polo presidente ou a presidenta e as súas ministras e ministros.

As Cortes Xerais teñen as seguintes funcións:

- Fan as leis.
- Aceptan os presupostos do país.
- Controlan o que fai o Goberno.

Para votar os deputados e as deputadas do Congreso tes que elixir a papeleta branca do partido político que queres que governe.

Hai unha papeleta branca por cada partido político que presenta candidatos e candidatas para o Congreso.

Tes que meter a papeleta branca do partido que elixas no sobre branco que pon Deputados/as.

Para votar os senadores e as senadoras do Senado tes que coller a papeleta de cor salmón.

Só temos **1** papeleta de cor salmón.

Nesta papeleta aparecen os candidatos e as candidatas para o Senado de **todos** os partidos políticos.

Na papeleta de cor salmón podes marcar 1, 2 ou 3 candidatos ou candidatas. Podes marcar candidatos ou candidatas dun mesmo partido ou de diferentes partidos.

Para elixir o candidato ou candidata que queres votar tes que escribir un **X** no cadrado que está ao lado do seu nome.

Tes que meter a papeleta de cor salmón no sobre de cor salmón que pon Senadores/as.

O BNG defende os intereses de Galiza

É o momento de Galiza!

As galegas e os galegos
necesitamos políticos no goberno de España
que defendan os nosos intereses.

Por iso, necesitamos
máis deputados e deputadas do BNG no Congreso.
Tamén necesitamos
senadores e senadoras do BNG no Senado.

O BNG comprométese a defender no Parlamento español
os seguintes temas:

1 A autoestrada AP-9 para Galiza e sen peaxes.

A AP-9 é a autoestrada que vai dende Ferrol ata Tui.
Esta autoestrada é do Goberno español
pero unha empresa privada encárgase de coidar a autoestrada
e de cobrar as peaxes.

O BNG reclamará no Parlamento español
que a AP-9 sexa da Xunta de Galicia.
Tamén reclamará que a AP-9 sexa pública e gratis.

As persoas con dependencia
son persoas que necesitan axuda
para realizar actividades da súa vida diaria.

As persoas con dependencia
reciben axudas da Administración
por exemplo, poden recibir cartos
para contratar unha persoa que lles axude
a realizar as actividades da súa vida diaria.

O Goberno español débelle á Xunta de Galiza
200 millóns de euros
para axudarlles ás persoas con dependencia.

O BNG reclamará que o Goberno español
lle pague á Xunta de Galiza
os 200 millóns de euros que lle debe.

O BNG tamén reclamará que o Goberno español
ofreza axudas de calidade
para as persoas con dependencia, para as persoas maiores
e para as persoas con discapacidade.

Melloras para os transportes públicos de Galiza

O BNG reclamará que o Goberno español volva construír as pontes que caeron na autovía A-6.

A autovía A-6 é unha estrada que vai dende a Coruña a Madrid.

A autoestrada AP-53 vai de Santiago a Lalín.

Esta autoestrada tamén é do Goberno español.

O BNG reclamará no Parlamento español que a AP-53 sexa da Xunta de Galiza.

Tamén reclamará que o prezo da peaxe sexa máis barato.

O BNG reclamará que os trens que van da A Coruña a Ferrol e de Lugo á Coruña sexan máis modernos.

Tamén reclamará que estes trens funcionen con electricidade.

Moitos trens funcionan con gasóleo.

A electricidade é unha enerxía mellor e menos contaminante que o gasóleo.

O BNG reclamará que o Goberno español acabe rápido as obras da vía do tren que sae de Vigo para Portugal.

O BNG tamén reclamará que o prezo do billete de tren que sae de Ourense e vai a Santiago e á Coruña sexa máis barato.

O BNG reclamará que as persoas podan viaxar en tren entre as cidades galegas máis importantes.

Agora as persoas non poden ir en tren por exemplo, Dende Lugo a Santiago.

O BNG reclamará no Parlamento español que os galegos e as galegas e as empresas galegas paguen menos pola luz.

As centrais térmicas dos lugares de As Pontes e de Cerceda fabricaban electricidade queimando carbón.

Agora estas centrais están pechadas.

O BNG reclamará que empresas sostibles fabriquen a electricidade que antes fabricaban estas centrais.

As empresas sostibles son empresas que atenden as necesidades das persoas pero tamén coidan a natureza.

O BNG reclamará no Parlamento español que as grandes empresas de electricidade lles cobren ás persoas prezos xustos pola luz.
Agora, as grandes empresas de electricidade compran a electricidade barata e despois véndenlles esta electricidade ás persoas moito máis cara.

O BNG tamén reclamará que a empresas de muíños de vento coiden o espazo natural onde colocan os muíños de vento

Os muíños de vento fabrican electricidade grazas ao vento.
As empresas de muíños de vento deben contar
coas opinións dos galegos e das galegas para colocar os muíños.

O BNG reclamará que as empresas
non coloquen muíños de vento no mar nin na costa galega.

5

Máis axudas para loitar contra a violencia machista.

A violencia machista
aparece cando un home lle fai dano a unha muller
só por ser muller.

O BNG reclamará a creación de xulgados
para loitar contra a violencia machista
nas seguintes cidades:

- Lugo
- Ourense
- Santiago de Compostela
- Ferrol
- e Pontevedra.

Melloras para a vida das persoas.

O BNG reclamará no Parlamento español

que o Salario Mínimo Interprofesional sexa máis alto.

O Salario Mínimo Interprofesional é a cantidade mínima de cartos que un traballador ou traballadora pode cobrar.

Un traballador ou traballadora non pode cobrar menos que o Salario Mínimo Interprofesional.

O BNG reclamará que todas as persoas podan cobrar unha pensión.

A pensión son os cartos que cobra unha persoa cando se xubila.

O BNG tamén reclamará que a pensión mínima sexa máis alta.

O BNG reclamará

que as persoas podan xubilarse aos 65 anos.

Tamén reclamará

que as persoas podan xubilarse de forma parcial aos 61 años.

Na xubilación parcial

a persoa traballa menos horas.

O BNG reclamará

que as pensións das persoas xubiladas sexan máis altas.

O BNG reclamará que Galiza reciba do Goberno español

os cartos para pagarlles o Ingreso Mínimo Vital

aos galegos e galegas.

O Ingreso Mínimo Vital é unha axuda económica para as persoas que non poden pagar as súas necesidades básicas.

Por exemplo, a comida ou unha vivenda onde vivir.

O Ingreso Mínimo Vital é unha axuda económica para persoas que non poden pagar as súas necesidades básicas.

Por exemplo, a comida ou unha vivenda onde vivir.

7

Defender os dereitos das persoas.

O BNG reclamará que se manteñan todos os dereitos das persoas.

O BNG tamén defenderá que se manteñan os dereitos que queren eliminar outros partidos.

O BNG reclamará a anulación da Lei Mordaza.

A Lei Mordaza é unha lei que lle dá moito poder á Policía e deixa as persoas indefensas.

O BNG reclamará que o Goberno español acepte de forma oficial as diferentes nacións que pertencen a España.

O BNG tamén reclamará que os familiares do ditador Francisco Franco devolvan os bens que roubaron.

Os bens son os cartos e as cousas que ten unha persoa por exemplo, unha casa.

8

Máis competencias para Galiza.

O BNG reclamará que Galiza teña máis competencias.

Ter competencias sobre un tema significa tomar decisións sobre ese tema de forma independente.

O BNG reclamará que Galiza teña 35 novas competencias sobre estes temas:

- Organización dos territorios de Galicia
- Organización dos edificios e das obras
- Seguridade e tráfico
- Policía autonómica de Galiza
- Lingua, cultura e patrimonio de Galiza
- Representación das institucións
- Enerxía
- Educación e investigación
- Traballo
- Servizos sociais
- Actividades económicas.

9

Aumento dos cartos para Galiza.

O BNG reclamará no Parlamento español que Galiza reciba máis cartos do Goberno español porque o Goberno español débelle cartos a Galiza.

O BNG quere que o Goberno español lle pague a Galiza 2 mil millóns de euros cada ano.

10 Porto exterior para A Coruña sen débedas.

O BNG reclamará que o Goberno español constrúa e pague o porto exterior da Coruña.

Os portos doutras cidades de fóra de Galiza recibiron moitos cartos do Goberno español.

O BNG quere o mesmo trato para Galiza.

O BNG tamén reclamará que os terreos do porto que ten agora A Coruña sexan para a cidade da Coruña.

bng 

BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO